


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 23/12/2021 9:01:10
SAIDA 19812/21




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 173/2021

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 8 de outubro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de decembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.-  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 8 de outubro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 4 de outubro de 2021, do Director Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se denega o acceso á información referente aos motivos polos cales se estiman ou desestiman as reclamacións contra as preguntas do primeiro exercicio do proceso selectivo ao Corpo Auxiliar da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo c2 (acceso libre), convocado pola orde do 22 de novembro de 2019.

A reclamante expón que considera que se ten que dar acceso á información solicitada, posto que se trata de información dun proceso para o acceso á función pública e que todos os interesados deberían coñecer e que a motivación da Administración para denegar o acceso á información pública, non é un dos motivos de inadmisión a trámite recollidos no artigo 18 da Lei 19/2013, tal e como indica a Administración na súa contestación.

Segundo. Con data do 22 de outubro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Facenda e Administración Pública para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 27 de outubro de 2021.

Terceiro. Con data do 2 de decembro de 2021 a Consellería de Facenda e Administración Pública contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, con data do 4 de outubro de 2021 ditouse Resolución da Dirección Xeral de Función Pública pola que se denegou o acceso á información solicitada, por tratarse dunha información que non corresponde á Dirección Xeral de Función Pública, senón ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, polo que se remite ao mesmo para a súa contestación.

A convocatoria do proceso selectivo, establece un procedemento específico para a impugnación polas persoas aspirantes das preguntas que consideren oportuno, e os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de función pública.

Segundo consta, o interesado presentou Recurso de alzada fronte a Resolución do 9 de agosto de 2021 (DOG do 01/09/2021) con data de 30/09/2021 (debe entenderse que se refire á Resolución do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo polo que se dá publicidade de diversos acordos), que se resolveu con data do 8 de novembro, polo que ao día de hoxe, a solicitude presentada enténdese resolta conforme a dereito.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a resolución contra a que reclama ditouse con data do 4 de outubro de 2021, e a reclamación ante a Comisión da Transparencia presentouse con data do 8 do mesmo mes, debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto. Análise do expediente

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

No presente caso o reclamante, tal e como figura no seu escrito de recurso de alzada de data 30 de setembro de 2021, é un participante no procedemento selectivo.

Neste sentido, tal e como se manifestou por esta Comisión en anteriores pronunciamentos sobre a materia que agora nos ocupa, cabe lembrar que, aínda que a teor do seu artigo 13 en relación co artigo 12, a Lei 19/2013 recoñece o dereito dos cidadáns para acceder a información pública en mans dos organismos e entidades incluídos no seu ámbito de aplicación -artigo 2-, non é menos certo que dita norma indica na súa Disposición adicional primeira parágrafo primeiro, que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo.

Respecto á aplicación da dita Disposición Adicional, deben cumprirse unha serie de requisitos para que poida apreciarse a súa concorrencia como un motivo de inadmisión: primeiro, debe existir un específico procedemento administrativo aplicable ao caso, segundo, o reclamante debe ser interesado no mesmo e terceiro, o procedemento debe estar en curso. Analizando estes requisitos na actual reclamación, debe concluírse que, na data na que se realiza a solicitude de acceso á información (3 de setembro de 2021), concorren no caso que nos ocupa, dado que o reclamante é participante no procedemento selectivo, tendo por tanto a condición de interesado, e o procedemento de selección atopábase en curso, polo que debe ser a normativa que rexe o dito procedemento, a aplicable á súa solicitude de acceso.

De acordo co anterior, en aplicación da dito disposición adicional, procede a inadmisión da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 8 de outubro de 2021, contra a Resolución do 4 de outubro de 2021, do Director Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se denega o acceso á información referente aos motivos polos cales se estiman ou desestiman as reclamacións contra as preguntas do primeiro exercicio do proceso selectivo ao Corpo Auxiliar da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2 (acceso libre), convocado pola orde do 22 de novembro de 2019.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: 56500009C)
Fecha: 2021.12.23 08:31:43 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.